María do Carme
Kruckenberg

Vivir, unha aventura irrepetíbel

A ONDE fun, tornei a Vigo.

Recorrín cidades brancas
e tamén as mirei pretas.
Homes loitando entre as rúas
ou nenos xogando nelas.

A onde fun, tornei a Vigo.

Mirei como crece a noite
dende Suecia a Buenos Aires,
e vin como racha o día
por todas esas paraxes.

A onde fun, tornei a Vigo.

De nada puido o destino
que tanto quixo entregarme,
tornei a Vigo lizgaira,
e ninguén pode levarme.

© Foto Paco Vila Barros

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

FUNDACIÓN PENZOL

María do Carme Kruckenberg

Vivir, unha aventura irrepetíbel

COMISARIA
Mercedes Queixas

COA COLABORACIÓN DE
Malós Cabrera e Xosé Manuel Soutullo, da Fundación Penzol

COORDINACIÓN
Xesús Domínguez Dono

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Hayat Husein

AUDIOVISUAL
Paco Vila Barros

DOCUMENTACIÓN
Rosa González Bordallo * Benito Ramírez Abal
Marián Vidal Fraile * Pilar Vilaboi Freire

REPRODUCIÓNS DOCUMENTAIS
Rocío Conde Miguélez * Merchi Sotelo Vázquez

AGRADECEMENTOS ESPECIAIS
Cristina Pusone Kruckenberg
Servizo de Cultura da Deputación de Pontevedra

AGRADECEMENTOS
Xosé María Álvarez Cáccamo * Xan Carballa * Francisco Domínguez
Fernando Franco * Silvestre Gómez Xurxo * Henrique Monteagudo
Ramón Nicolás * Alba Pernas * Cesáreo Sánchez * Elena Villanueva
Malores Villanueva * Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG)
Faro de Vigo * Fundación Celso Emilio Ferreiro (FUNCEF)
Real Academia Galega (RAG)

PRODUCIÓN
Merlín Comunicación
Editorial Galaxia

IMPRESIÓN
CdC. Servicios Gráficos

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Fundación Penzol

1

María do Carme Kruckenberg

A onde fun tornei a Vigo

Recorrín cidades brancas
e tamén as mirei pretas.
Homes loitando entre as rúas
ou nenos xogando nelas.

As rúas de Vigo guían os pasos biográficos e literarios de María do Carme Kruckenberg Sanjurjo. Desde o primeiro andar da rúa de Montero Ríos, 22 até a de Lepanto, 2, 2º esquerda.

O coñecido como edificio Müdler, na rúa de Montero Ríos de Vigo, era a residencia familiar cando o seu nacemento

Co pai e a nai

Vigo é o meu lugar no mundo. Cada lugar da cidade é meu. Vino facer e medrar. Recordo a evolución da cidade, por iso sempre sentín o desexo irrefreábel de tornar a Vigo. Lémbroo con apenas trinta mil habitantes onde todo o mundo se coñecía. Cando saías facer algún recado, tardabas unha ou dúas horas en voltar porque sempre atopabas alguén coñecido e enredabas a falar.

O 3 de xuño de 1926 nacía a poeta, que faría de Vigo centralidade, un único espazo-tempo vital e creativo. A cidade epicentro, como punto de inicio e retorno de todas as viaxes até a súa partida definitiva cara ao reencontro coa ría de Vigo o 16 de maio de 2015.

Debuxo de Mercedes Lence recollido no libro *O morto asasinado e outros contos*

A Porta do Sol de Vigo nos inicios do século pasado

Na inauguración da praza dedicada a ela no ano 1999

Con Mercedes Queixas, no verán de 2007, preparando a súa biografía



2

María do Carme Kruckenberg

No berce dos libros

Lepanto dous segundo esquerda.
Desapareceron na brétema do mencer,
marcharon sen deixar ningún recado preciso,
pouco a pouco como se fora o tempo marcado,
ese espacio entre as horas
onde afoga cada noite o sol.

A casa, como prolongación da calor familiar, constrúe as vivencias da infancia feliz dunha nena moi desexada, aloumiñada por tres mulleres: a nai, Josefina Sanjurjo Oza, a avoa e a tía maternas, e influenciada pola figura paterna, Gustavo Kruckenberg Sartorius, nado en México e de ascendencia alemá.

Rosalía de Castro e Arthur Rimbaud

No interior da casa, a nena Chuchi, de saúde delicada, arroupada por unha vida despreocupada, recoñécese rodeada da ampla biblioteca familiar que lle achegou as primeiras lecturas de Rosalía de Castro, Antonio Machado, Rilke, Rimbaud e san Juan de la Cruz, entre outros.

Nas miñas primeiras lembranzas visuais sobre o mar de Vigo, lembro como os barcos paraban no medio da ría, porque non había porto tal e como o coñecemos na actualidade, e os pasaxeiros accedían aos barcos en lanchas. Recordo que se construíu o peirao, despois da guerra, a partir de 1940, en cuxos grandes bloques de pedra amoreados descubrín as sensacións do meu primeiro e inocente bico.

[Enlaza co QR]

Con 11 anos actúa na obra dos irmáns Grimm *Os músicos improvisados*, nunha adaptación de Álvaro Cunqueiro

O gusto polas artes, a literatura, a música e a pintura, que desenvolvería a nosa poeta, case sempre de forma autónoma e autodidacta, representan a confluencia do influxo familiar.



Panorámica de Vigo nunha fotografía de Ángel Llanos

No exterior, as excursións en coche polos arredores de Vigo e a visión plácida do seu mar, que tamén a confrontaba con outra realidade social dura como altofalante do traballo dos mariñeiros, das familias dos desaparecidos e dos despedidos para sempre como sacrificio da emigración cara a América.



3

María do Carme
Kruckenberg
Tempo de descubertas

En 1935, estudante no colexio Cluny

A guerra, a guerra nunca rematou.
A guerra é a mesma, a que rompe
e corta os pobos pola metade,
a que non deixa medrar os nenos,
a destrutiva, a que irrompe
nos fogares e racha o tempo.

Os ollos de mel dunha nena curiosa, e por veces tamén rebelde, íanse abrindo ao coñecemento regulado no colexio de Cluny, logo no colexio Alemán de Vigo e, finalmente, no colexio Placeres de Pontevedra.

"A min educáronme para a liberdade." Unha definición que axuda a entender a aceptación final da familia de non continuar estudos superiores, senón avanzar na formación de forma autodidacta.

A isto hai que sumar a experiencia viaxeira por diferentes países europeos canda a familia, destacando un moi especial, Portugal, que deixará unha pegada biográfica moi marcada, primeiro nas estadías estivais, e logo ao ser acubillo protector en 1936 por causa da sublevación militar fascista.

Co pai, no colexio Placeres de Pontevedra

Foto familiar nos Xogos Olímpicos de Inverno de 1936, en Garmisch-Partenkirchen, Alemaña

Lectura do bando de guerra, polo capitán Carreró, na Porta do Sol de Vigo, o 20 de xullo de 1936

Estoril será a terra de acollida nun tempo en que a nena toma conciencia da guerra, do medo e do sufrimento. A volta a Vigo obrigaraa a se enfrontar cunha realidade económica familiar moi diferente á vivida anteriormente.



4

María do Carme Kruckenberg

O pracer da palabra

Que idea máis peregrina
ten a xente
do que unha non é.

A necesidade de comunicar é unha constante en María do Carme Kruckenberg Sanjurjo.

Coñecedora de varias linguas —alemán, inglés, portugués, castelán e francés—, de pequena decatouse de que había outro idioma, malia non estar presente na casa: o galego de Antonio, o caseiro da casa de Coia.


Gramática
do
Idioma Galego
por
M. Lugris Freire
Académico de número da "Real Academia Galiega"

Esta obra leva como aditamentos os nomes de persoas, toponimia, meses e días, denominación dos ventos, táboa de castelanismos, mostras literarias e vocabulario galego-castelán

A Coruña
Imprenta de Zincke Hermanos
Cantón Grande, 21 e Galera, 43
1922

Puiden estudar o bacharelato en alemán e, no entanto, a lingua galega foime vetada na escola. No meu círculo non era frecuente poder manter habitualmente unha conversa longa en galego, pero funo aprendendo, e como quería aprender aquelas palabras con ritmo que se paseaban polos meus pensamentos, Lugrís, o estupendo pintor, deume un día como agasallo unha gramática galega, a *Gramática do idioma galego* que, en 1922, publicara seu pai, Manuel Lugrís Freire. A partir de aí cada vez fun escribindo con máis e máis gusto en galego.

En Madrid, en 1946 co seu amigo Alfonso Anabitarte

O gusto pola conversa lévaa a se sumar, mediada a década dos corenta, ao mundo das tertulias. O interese precoz pola escrita encamíñaa ao encontro de poetas e intelectuais. Primeiro, en Vigo, nos baixos da taberna Alameda con Eduardo Moreiras, Prego de Oliver, Laxeiro, Celso Emilio Ferreiro e os irmáns Álvarez Blázquez, ou na propia casa do pintor Carlos Maside.

O pintor Laxeiro e o poeta Celso Emilio Ferreiro na rúa do Príncipe de Vigo. Con ambos os dous mantivo unha grande amizade





En Rairiz de Veiga, onde a familia Kruckenberg Sanjurjo posuía propiedades, María do Carme tivo o seu encontro principal coa lingua galega



5

María do Carme
Kruckenberg
Castelao como principio

"Corrientes 348..." Todo soa a tango,
e o tango esvara polas costas ata o arrepío.

En febreiro de 1949 casa en Vigo con Ezio Pusone, inspector para Europa da compañía navieira Dodero Arxentino. Separáronse en 1953

María del Carmen Kruckenberg Sanjurjo
y
Ezio Mª Pusone Ragno

Tienen el honor de invitar a Vd. a la ceremonia de su boda que se celebrará D.m. el día dos de Febrero a las cinco de la tarde en la Iglesia Parroquial de Santiago el Mayor de Vigo.

Vigo, 1949

Entre 1949 e 1953 Carme vivirá en Buenos Aires unha vida nova, logo de casar con Ezio Pusone. Nese período fixo dous deslocamentos temporais a Montevideo (verán de 1949) e a Río de Xaneiro (1950).

Será Arturo Cuadrado quen lle abra as portas á intelectualidade: Emilio Pita, Luís Seoane, Lorenzo Varela, Rafael Alberti, María Teresa León, entre outros.

A cidade, convertida daquela na quinta provincia galega, acolle a emigración e o exilio galego e español, as expulsadas da terra por defenderen a liberdade, converténdose no acubillo do activismo político, lingüístico e literario, do compromiso galeguista e nacionalista galego.



En Buenos Aires, na *finca* Castelar

Cuns amigo en praia Carrasco, Montevideo

Castelao, na Biblioteca do Centro Ourensán de Buenos Aires, fotografado por Eduardo Blanco Amor

Con todo, serán os dous encontros con Castelao na súa casa, xa enfermo, os que a deixen profundamente marcada:

A súa influencia levoume a non deixar a lingua definitivamente, a ler o máis posíbel e tratar de falar e manexar o idioma un pouco mellor do que o viña facendo. Díxome que non deixase de escribir en galego, porque eu formaba parte do futuro do idioma; convidoume a non esquecer a lealdade para co país que obrigaba a elaborar unha nova historia para Galiza [...]. Para sempre quedaron en min os seus consellos, a súa tenrura, a súa voz doce e agarimosa, a beleza dos seus ideais e da súa limpeza de pensamento.



A primeira imaxe da arribada a Buenos Aires é a daquela xente toda mirando a terra coa ollada retida noutro tempo e noutro lugar que deixaran obrigados por circunstancias alleas á súa vontade.

[Enlaza co QR]



María do Carme Kruckenberg

Abrindo pasos ao camiño

Coa súa filla Cristina

Quen pode dicir onde marcha
o amor cando se vai coa xeada?
Cando deixa o corazón vacío
e o corpo morto.
Cando na pel debuxou
a brisa, arrepíos de pracer,
e vibracións de paixóns limitadas.

En 1953 a poeta torna a Vigo, separada e acompañada unicamente da súa filla, Cristina. Un Vigo, unha Galiza que representa unha volta atrás á experiencia vivida na Arxentina, Montevideo e O Brasil.

Nas praias de Vigo en 1954, con María Mercedes Lema e Begoña Elosúa

A restrición das liberdades, os opresivos modelos de vida social implantados, os clixés atribuídos a cada xénero e a atribución dun único rol posíbel para a muller como esposa fiel e nai entregada, chocan co carácter rebelde de Carme.
Retoma en Vigo os círculos de amizade e tamén os literarios e intelectuais no bar Alameda e no café Derby. Posteriormente, en Madrid, no café Gijón e no café Teide, onde frecuentará as conversas con autoras como Carmen Martín Gaite, Dámaso Alonso, Vicente Aleixandre, Gerardo Diego, Camilo José Cela.

No Escorial, con Isabel García Lorca

A presenza de mulleres nestes encontros era moi minoritaria se a comparamos con aqueloutros vividos en América, o que era un espello do nivel educativo, económico e social daquela España triste e gris, unha nítida radiografía social da España de mediados do século XX.

Con Marina Romero en Nova York

Co profesorado de español do Douglass College, en Pricenton, Nova Jersey

Anverso da carta do bar Derby



María do Carme Kruckenberg

Versos para a vida

AMORES de mariñeiro
que son de mar,
e bicos de mariñeiro
que son de sal.



Desde a publicación en Buenos Aires de *Las palabras olvidadas* (1953) até *A voz da auga* (2010), derradeira escrita por vontade da autora, aínda que non o último poemario publicado, transcorreron miles de versos espallados en dez títulos en castelán e vinte en galego.

A vontade de responder á necesidade de escribir naceu sendo moi nova, un compromiso testemuñado nunha ininterrompida entrega literaria ao longo de cinco décadas.

Cantigas do vento (1956), compostas con apenas dezanove anos, foi o título suxerido por Rafael Alberti, unha vez lido na estadía bonaerense, converténdose no seu primeiro poemario en galego, publicado na Colección Alba.

Versos cun protagonismo máximo da lingua do pobo, que queren ser homenaxe aos mariñeiros desde a fidelidade a dúas secuencias poéticas de gran recoñecemento para a autora: a tradición da copla popular, por unha banda, e mais a herdanza trobadoresca medieval, pola outra.



—¿Ha pensado usted su libro en gallego?
—Lo he pensado en gallego.
—¿Por que lo ha escrito en gallego?
—Porque me gusta.
—¿No cree usted que sacrifica el éxito a una minoría?
—Efectivamente, el escribir en gallego es para una pequeña minoría. Pero yo siento la minoría.

Entrevista de *El Litoral*, 11-VII-1956

Declaro abertamente que tiven sempre necesidade de escribir, e o proceso de creación tamén sempre se repite. Penso moito primeiro, elaboro os poemas mentalmente tentando chegar ao núcleo que lle dea unidade e sentido completo ao que quero expresar en versos.

[Enlaza co QR]

Na presentación no ano 2000 da *Obra poética case completa*, acompañada de Camiño Noia e Xesús Alonso Montero



8

María do Carme Kruckenberg

A lingua galega, materia creativa

GALICIA
Desta Terra, da miña Terra
(que percorrín enteira),
non teño nada que dicir
que o mundo non saiba.



O legado literario de María do Carme Kruckenberg Sanjurjo naceu dunha concepción bilingüe, común á denominada "Promoción de Enlace", onde a adscribe a crítica literaria. O contexto histórico dificultaba, cando non impedía, un uso normalizado da lingua galega, máximo se atendemos a usos formais e escritos.

Logo dun uso alterno entre a lingua galega e castelá como instrumentos de creación, na década dos oitenta reorienta a lingua vehicular, desde un posicionamento consciente, cara á creación monolingüe en galego. Mesmo traduciu algún poemario ao galego, como *Poemas inevitables*, despois da escrita orixinal en castelán, para compartir "a lectura cos novos militantes da poesía do meu país".

Manuel María, Carlos Maside e Uxío Novoneyra, na Alameda de Santiago de Compostela, 1952

A toma de contacto con poetas galegos como Manuel María, Luz Pozo Garza, Aquilino Iglesia Alvariño e Pura Vázquez convidaba a converter a lingua galega en materia de exploración creativa.

A difusión da súa poética aínda chegará máis lonxe coa gravación pioneira, a proposta do director da RCA española, de dous discos de longa duración, un en castelán e outro en galego, onde recita os poemas: "Rumor de tiempo", "Los pájaros inmóbiles", "Canaval de ouro" e "Cantigas do vento".





Cústame ter un referente galego na miña contemporaneidade, porque sinto demasiado cariño e proximidade. Talvez Uxío Novoneyra sería ese referente poético, se cadra si, pero tamén era amigo.

[Enlaza co QR]







María do Carme Kruckenberg

Preámbulo dunha nova poética

Eu aínda creo
que hai homes capaces
de arrincar
a derradeira semente
do amor
e tremar por ela.

A poesía de aparencia sinxela, breve, mais estrutural e estilisticamente traballada, bebedora das fontes da tradición das cantigas medievais e populares, avanza cara a un versolibrismo que procura o xogo semántico e conceptual.

Poesía de forte compromiso social que nace para elevar a voz dos desposuídos, bater nos muros do silencio e berrar contra a inxustiza social desde calquera forma de violencia.

Co seu grande amigo o pintor Laxeiro

Non vivimos tempos para nos adurmiñar. Cómpre estarmos ben espertos, atentos á vida, que é o que importa. Hai que dicir as cousas e un poeta ten que estar na época exacta que vive.



Para ilustrar o libro *A sombra ergueita*, Laxeiro elaborou unha colección de debuxos, que non se chegaron a utilizar, excepto o da cuberta



Retrato da contracuberta do seu libro *Cantigas para un tempo esquencido*

A sombra ergueita é un poemario escrito en 1974, mais non publicado até 1976 até dar superado a censura. Distribuíuno Edicións Castrelos.

Mostra do gusto artístico multidisciplinar que preside moitos dos seus proxectos literarios, este libro acompañábase de ilustracións da autoría de Laxeiro.

Este é un libro moi diferente aos anteriores que, ao meu ver, marca unha nova etapa poética para min. Quizais as circunstancias históricas o estaban a demandar así [...]. É un libro que nace con vontade eminentemente social. Penso que este poemario trazou o camiño novo polo que transcorreu a miña escrita a partir deste momento e sen volta atrás.

10

María do Carme Kruckenberg

Palabra de muller

Intentarei remontar o río
contra a corrente
imposta pola vida
e deixar como un farrapo
mollado,
a miña alma sen xuízo.

Na presentación de *Jazz espido* en Vigo, no ano 2012

Rosalía de Castro foi semente que fecundou en moitas voces poéticas femininas e feministas posteriores, que foron de novo pioneiras.

Xohana Torres

Pura Vázquez

Luz Pozo

Para Carme, a poética de Rosalía recrea "a universalidade enteira en perpetua actualidade". Unha e outra defenden a vocación de escritoras.

Elixín o camiño das mulleres soas, a soidade e a independencia e iso hai que pagalo a prezo de ouro.

O seu carácter inaugural e transgresor presidiu o *modus vivendi* da nosa poeta cunha actitude rompedora e personalidade forte ante a vida e a creación literaria, tan marcada polos roles preestabelecidos socialmente de personaxe secundario para as mulleres e pola presenza masculina case en exclusiva tamén nos espazos literarios.

Aínda hoxe é necesario lembrar que na primeira posguerra eramos catro poetas mulleres, unha por cada provincia: Pura Vázquez, en Ourense; Luz Pozo, en Lugo; Xohana Torres, na Coruña, e eu, en Pontevedra. Era todo o que había. Nada que ver coa actualidade literaria. É singular, pois esta adscrición literario-xeográfica non tería sentido no caso de homes poetas, donos absolutos tamén do ámbito da escrita. Curioso tamén que as catro seguimos escribindo no camiño do tempo e co mesmo ritmo.







A serie de antoloxías *Elas* foi coordinada por María do Carme Kruckenberg, e o libro *Palabras de muller*, onde participa, por Camiño Noia



11

María do Carme Kruckenberg

A memoria das viaxes que somos

DESTA Terra, da miña Terra
(que percorrín enteira),
non teño nada que dicir
que o mundo non saiba.

Eu non quería morrer sen coñecer o mundo enteiro ou polo menos unha parte dos cinco continentes. Máncame saber que morrerei sen visitar Australia. Teño memoria dos sitios que visitei desde os nove anos e había tempo que quería describilos desde a miña visión particular. No entanto, esa viaxe tiña que comezar no meu país, Galiza, a miña centralidade no mundo, o lugar onde nacín, onde me criei e onde se criaron os meus antergos de ascendencia materna; quixen comezar cun poema moi conciso, profundo, que me define tal e como son. A min identifícame o que quero, o que amo, por iso este poema tiña que estar aquí.

Con Cristina, a súa filla, en Zürich

En Suíza



Vivir, aventura irrepetible (1998) é un libro singular de María do Carme que recolle, en edición bilingüe galego-castelán, a experiencia viaxeira persoal atravesada por corenta e cinco poemas en ruta por outros tantos lugares de Europa, América, África e Asia.

Unha viaxeira que foxe dos circuítos turísticos convencionais para se internar en cada cultura, o que a converte nunha cidadá do mundo que alimenta un coñecemento cosmopolita no percorrido de cada descuberta.



Nunha viaxe a Moscova



En Tunisia



12

María do Carme Kruckenberg

A memoria viv(id)a

TERRA

Todo o meu ser está ligado á Terra,
sáeme a Terra todo na memoria,
Terra o camiño, Terra a miña historia,
Terra esta voz que no deserto berra.

No centro, nun encontro de Galeusca celebrado en Baiona no ano 1996

María do Carme Kruckenberg entregándolle o Premio Alecrín a Emma Bonino no ano 2002, premio que ela recibiu en 1997

A Xunta de Galicia concedeulle a medalla Castelao no ano 2002

Monólito de homenaxe da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega na rúa Montero Ríos de Vigo (AELG), 2007

As décadas finais do século XX e a primeira do XXI amosan unha poeta comprometida coa escrita persoal e coas causas colectivas.

A Asociación de Escritores en Lingua Galega daba os primeiros pasos en 1980 co poeta Bernardino Graña como presidente. En 1985, María do Carme asumirá a vicepresidencia con Avilés de Taramancos como presidente, inaugurando a entrada das mulleres no órgano de dirección da AELG.

O ciclo da vida vaise pechando canda multitude de recoñecementos.

O Concello e Vigo concédelle o título de Viguesa Distinguida e o Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller o Premio Alecrín; é nomeada Dama da Fundación Rosalía de Castro e Galega Destacada desde a Asociación Diálogos 90, para alén de recibir a Medalla de Galicia e a Medalla Castelao e o Premio Laxeiro pola súa traxectoria vital dedicada á cultura galega.

En 2007 recibe en Vigo a entrega da Letra E, xunto á Homenaxe á Escritora na súa Terra, que lle concede a AELG. Un emotivo acto que pervive, na súa lembranza, na memoria da cidade a través dos seus versos chantados no monólito convertido en velame e a oliveira plantada nos xardíns de Montero Ríos, a escasos metros da casa que a vira nacer.



En Vigo, na praza que leva o seu nome